


# o homiño vestido de gris

de Fernando Alonso



## Fernando Alonso

*Naceu en Burgos en 1941, é escritor, xestor de actividades culturais e documentalista televisivo. O seu libro máis coñecido é El hombre-vestido de gris (1978, con ilustracións de Ulises Wensell).*

**T**ráenos Kalandraka este gran clásico seguindo a rota da súa atinada política de traducións ao galego, cando van perto de corenta anos da súa primeira edición en Alfabeta.

*O homiño vestido de gris*, este Huvez posto aquí antes de que o autor creara esoutro personaxe, é un ser que por dentro é un arco da vella, mais o seu exterior gris impídelle recoñecerse como un individuo que naceu para a felicidade. Este extraordinario conto, verdadeiro fito canónico da literatura española, fálanos dos nosos camiños de liberación, da oportunidade de tomalos e transitalos. Como de feito nos falaba, aló polo 1978 cando apareceu por primeira vez, tamén da liberación que para a nosa xeración, a miña e a do autor, foi o final do franquismo, o desaloxo do home da torre. O momento no que «*o destrutor dos soños de todo o barrio se perdeu ao lonxe*», a máis esperanzadora frase literaria que se puido escribir naquel tempo de incerteza, estabamos a comezar a construír a nosa casa de planta baixa, a que nos acollería para iniciar nela unha nova etapa da Historia. Non é menos oportuno este libro nos tempos que andamos, tempos onde a tentación da desilusión e do abandono nos arrodean parecendo choernos todas as saídas, mais poden axudar estes contos de Fernando Alonso a xuntar forzas para expulsar aos novos señores da torre e a recobrar a forza que dá sabérmonos seres nados para a felicidade e para danzar cos bailarins

## Ficha técnica

### Título

*O homiño vestido de gris e outros contos*

### Autor

*Fernando Alonso*

### Ilustrador

*Ulises Wensell*

### Tradución

*Ramón Nicolás*

### Editorial

*Kalandraka, 2014*

que nos saian ao encontro. Ese ser que nos mira, que repara na nosa presenza e téndenos a man para bailar. Ese encontro que Fernando Alonso creou entre o espantallo e o bailarín que sempre me pareceu inspirado por un fermoso aforismo de Elías Canetti que di: «*Encontrei alguén que me escoitou, e emocióneime*». Porque nesta obra poderán atopar os lectores de hoxe pulos para seguir a loitar pola igualdade e a solidariedade humana

como camiño de supervivencia da especie.

Ten Kalandraka o acerto de nos ofrecer *O homiño vestido de gris e outros contos* nunha fermosa nova edición, mais conservando a disposición do texto en bandeira e o corte de liña que tiña no orixinal. Acerto é tamén contar coas ilustracións orixinais de Ulises Wensell, triste e prematuramente desa-

parecido hai tres anos, e que son unha lección de sinxeleza feita de sutiles fragmentos e miniaturas que acompañan a ilustracións a páxina enteira ou media páxina, que enchen o noso corazón dunha leda emoción como ocorre co pai e o fillo que contemplan *A paxariña de papel*, o charlotesco final d'*Obarco na botella* ou o pobo expectante ao pé d'*O gardián da torre*.

Do mesmo xeito que a experiencia persoal vese acrecentada non só polo vivido senón tamén polo aprendido das experiencias alleas, a nosa LIX tamén se engrandece coa chegada de obras de contrastada calidade e interese procedentes doutros corpus literarios e traducidas para a nosa lingua. De xeito especial cando a selección se fai, como é o caso, con criterios de oportunidade do seu significado histórico, quer para aquel tempo quer para o presente.

### OPORTUNO

ESTE LIBRO NOS  
TEMPOS QUE  
ANDAMOS ONDE  
A TENTACIÓN  
DA DESILUSIÓN  
E DO ABANDONO  
NOS ARRODEAN  
PARECENDO  
CHOERNOS  
TODAS AS  
SAÍDAS.